



*Un santo en ton menor? A propósito da biografía do P. Reino S. J. (1911-1994)*¹

Cando a súa biografía caeu nas miñas mans, nada sabía eu da figura evocada nela. Para quen teña o mesmo descoñecemento, aquí vai unha mínima noticia previa.

O padre Francisco Reino Saldaño, S. J. (1911-1994) comezou a desenvolver o seu ministerio sacerdotal na parroquia de Noguerosa (Pontedeume) nos tensos anos da guerra civil e primeira posguerra (1936-1943). Sentindo unha fonda afinidade coa espiritualidade ignaciana, ingresa na Compañía de Xesús no colexio noviciado de San Estanislao de Salamanca (1943-1945). Xa como xesuíta, exercerá como director espiritual ao longo de corenta e cinco anos: primeiro, no seminario de Ourense (1945-1950);

despois en Comillas-Cantabria e Comillas-Madrid (1951-1971); por último, no Seminario de Santiago (1971-1991). Ao tempo foi desenvolvendo en paralelo unha importante actividade como predicador en retiros e quendas de exercicios –particularmente para sacerdotes– e como confesor e director espiritual de moitas persoas. Durante as súas dúas décadas finais en Compostela combinou a dedicación ao seu labor en San Martiño Pinarío coa de confesor na catedral e outras tarefas pastorais na igrexa de Santo Agostiño. Nado en San Xoán Bautista de Ortoño (Ames, A Coruña) e formado para o sacerdocio no Seminario de Santiago (1924-1935), os seus días remataron, tras dous anos

de enfermidade (1992-1994), na residencia da Compañía en Salamanca. Segundo testemuño unánime, foi deixando ao seu paso un ronsel de bondade e de extraordinaria virtude.

1.- O libro

O libro, que relata con detalle todo o anterior, xurdiu da iniciativa dun grupo de amigos do padre Reino, co gallo do sétimo aniversario do seu falecemento. Co obxecto de manter acesos o legado e a memoria deste sacerdote exemplar, creouse en 2002 o *Centro de información y documentación «Amigos del Padre Reino»* cunha tripla finalidade: colectar toda a documentación referente a el, escribir a súa biografía e iniciar o proceso canónico da súa beatificación.

O autor partiu da súa proximidade persoal ao biografado e reconece, xa de entrada, a súa admiración e gratitude por quen o capacitara para «levar unha vida plena». Aínda neno, tivo a ocasión de coñecelo e, sobre todo, de reparar na admiración que os seus pais e avós profesaban ao seu antigo párroco. Que, andando o tempo, aquel mesmo sacerdote fose o seu director

espiritual no seminario resultou unha «providencial» circunstancia: permitiulle «compartir con el conversacións, confidencias e anhelos».

Para construír o seu relato, López Calvo explora a documentación sobre o biografado e a súa contorna en diferentes arquivos (diocesano, parroquiais, e ate o Arquivo Segredo Vaticano) e, de xeito particular, o material reunido no Centro de Información e Documentación arriba mencionado. Alí gárdanse, entre outras cousas de interese, as cartas do P. Reino a diversos destinatarios (membros da súa familia, persoas ás que atendía espiritualmente, e ao mesmo autor da biografía). Apóiase tamén nos testemuños –orais e escritos– ofrecidos por un impresionante e variado número de persoas que conviviron ou tiveron trato con el. Contextualiza, ademais, cada un dos tramos da vida do padre Reino, describindo as circunstancias nas que se desenvolve cada un deles. Ao fío da vida deste home, vaise seguindo un período da historia de Galicia e de España, e moi en particular da Igrexa e da espiritualidade. E vánsenos abrindo fiestras a

aspectos tales como a vida na Galicia rural, a formación nos seminarios galegos, as peculiaridades da Compañía de Xesús, a espiritualidade ignaciana e os Exercicios Espirituais, a extraordinaria atmosfera espiritual da Universidade de Comillas, as vicisitudes da República e da guerra civil, o nacionalcatolicismo, os anos do Concilio e os posconciliares, as transformacións da sociedade española, a instauración da democracia, etc. Para esta contextualización emprega un notable elenco de obras xerais e de monografías de carácter histórico, sociolóxico ou teolóxico.

O libro ábrese cunha introdución («*Un amable rostro de la Iglesia*»), que explica as circunstancias que o orixinaron, o propósito ao que obedece e o método empregado. Despois segue diacronicamente ao longo de oito capítulos o curso da vida do protagonista, desde a súa orixe (I. «*Nacimiento, bautismo y ambiente familiar: 1911-1924*») ate o seu solpor («*El atardecer de la vida: Salamanca 1992-1994*»). O capítulo noveno dedícase, en cambio, a trazar sinteticamente o perfil espiritual do biografado («*Con-*

templativos in actione: La actividad que santifica») mediante os seguintes trazos: humildade, paciencia, mansedume; alegría e sentido do humor; audacia e fervor; vivencia comunitaria, e constante oración. O volume, que vén ilustrado con abundantes fotografías, complétase cunha ben nutrida bibliografía e dous apéndice. O primeiro recolle reflexións de viva voz do P. Reino nos seus últimos anos; o segundo recompila testemuños gráficos e documentos varios, entre os que destaca o texto dalgunhas homilías pronunciadas durante as exequias.

2.- A imaxe do protagonista

Que imaxe do biografado *me* deixou a lectura deste libro?¹ En primeiro lugar, a dunha esencial continuidade. O neno bo e aplicado, o seminarista exemplar, cumpridor e piadoso, bo estudante que obtén na maioría dos casos as máximas cualificacións (*meritissimus*: sobresaínte), será despois o cura novo e animoso que se fai cargo dunha parroquia rural

¹ Permítaseme este achegamento que non oculta o rumbo persoal. quen lea o libro saberá corrixirme.

con igrexas incendiadas pouco antes, e que axustándose ao modelo ideal de sacerdote da época fará exclamar ás xentes «É un santo». A súa conversión en xesuíta –tal vez o único xiro importante na súa traxectoria²– afondará a vida interior e apostólica á que se sentía chamado. *Contemplativo na acción*, centrará esta última en dous tipos de actividade que lle permitirán levar adiante a súa misión de mestre espiritual: por unha banda, o acompañamento na dirección espiritual e o confesionario; por outra, a predica- ción de homilías, conversas, retiros e exercicios espirituais³.

Francisco Reino parecería ter atravesado as súas diferen- tes etapas e circunstancias sen demasiadas perplexidades nin complicacións mentais. Unha vida sen desvíos nin sobre- saltos, que unificada nun un único proxecto –a santidad–

deixou un ronsel de bondade, bo humor, paciencia, ecuanimi- dade, discreción, austeri- dade, desprendemento. O seu traballo persoal converteu en carácter o que xa de seu debía ser un temperamento sereno, equilibrado, sensato. A súa actitude obediente, humilde e flexible (acomodadiza, quizais?) probablemente lle permitiu sor- tear sen demasiadas quebras as situacións de conflito⁴.

Non era a súa unha perso- nalidade brillante. Malia ser home estudoso, ben dotado e solidamente formado, non foi un intelectual. Se aos seus moi novos compañeiros do novi- ciado xesuítico lles sorprendía o pouco interese que el tiña polos estudos de humanida- des, por outra banda, nos seus anos finais repasaba as discipli-

2 O autor estúdao no capítulo 4 («A particu- lar Storta: ingreso na Compañía de Xesús) lembrando o episodio da vida de Ignacio de Loyola que o levou a fundar a Compañía.

3 É posible facer unha idea do método empregado nas súas quendas de Exercicios a partir das fichas manuscritas que elaborou ao redor dos anos oitenta e principios dos noventa do pasado século.

4 O autor reproduce unha pasaxe da *Memoria de vida* de M. A. Araúxo Iglesias (Vigo, Ir indo, 1993). Este, ao evocar unha situación conflitiva do seminario de Ourense, mal resolta ao seu xuízo, di o seguinte: «*Alguien pudiera preguntar por el papel que en toda aquella historia tuvo el P. Reino. Todos sabemos que este jesuita era un santo varón y que siempre se mostró muy prudente y callado. Este fue su papel: seguir trabajando su campo y callar. Sin embargo, en conversaciones privadas, sin descalificar a nadie, siempre dijo que el seminario estaba en muy buen camino*».

nas teolóxicas ao tempo que as ían cursando os seus dirixidos. Non nos deixa –que eu saiba– un corpus de textos suxestivos e o seu pensamento era máis ben tradicional. Tampouco a súa oratoria era rechamante: expuña, iso si, con sinxeleza e contaxiosa convicción, aquilo do que vivía.

Foi un espiritual, un home de fonda vida interior que sabía acompañar coa súa escoita, a súa palabra axeitada e o seu exemplo. Salientaba pola súa humanidade, naturalidade, ecuanimidade, humildade, servizo. De ninguén falaba mal, nin criticaba, pero o seu silencio podía resultar elocuente⁵. A súa vida parece ser a encarnación da máxima atribuída a san Xoán Berchmans: *Mea máxima poenitentia, vita communis*. A vida de todos os días, a vida ordinaria compartida cos demais como taller de transformación. «*Todos pudimos observar* –anota Eugenio Romero

Pose– que el cumplimiento de su deber resultaba tan sencillo y normal que nunca se echaba de menos y nunca faltaba. Del P. Reino nadie esperaba otra cosa distinta de lo que siempre era.».

3.- Santidade?

E velaquí un sorprendente paradoxo. Ao dar os primeiros pasos para a apertura dun posible proceso de beatificación, o Provincial da Compañía de Xesús en Castela e León explicou por escrito que vía difícil que o proxecto prosperase. Desde logo, por non contar con apoio suficiente por parte do episcopado; pero, como razón máis de fondo, por algo que non deixa de chamar a atención. Algunhas das persoas consultadas «*que conocieron al padre Reino y del que guardan un ejemplo imborrable, reconociendo en él virtudes extraordinarias, indicaban a su vez, que la falta de relevancia externa que tuvo impide de hecho, el que sea casi imposible probar la santidad que sin duda tenía. No por falta de hechos, sino por falta de una patente visibilidad de esos hechos e incluso por falta de documentación*».

5 «*En los más de veinte años de su convivencia en Santiago no le oímos una sola frase o expresión mínimamente crítica o negativa de nadie; y eso que no fueron pocas las veces en que le pusimos en la ocasión de hacerlo: imposible*», explica con graza o P. José López Calo S.J.

Confeso que comecei a ler este libro con algunha reticencia. Explícome. A palabra santidad que antes espertaba tanta admiración e tantos soños, perdeu boa parte da aura idealista que a envolvía. Cada vez somos máis conscientes dos complexos factores (relixiosos, psicolóxicos, sociais) e dos xogos de poder que remataron por configurar dun determinado xeito a citada categoría. Pero, aínda así, seguimos a necesitar figuras humanas ás que referirnos como polos de admiración e identificación. *Concilium* dedicou a este asunto o seu número 351 (xuño 2013) titulado na súa edición brasileira «*Santos e santidad hoje?*»; na versión española, en troques, tivo en vez desa presentación interrogativa outra máis propositiva: «*Repensar la santidad*». Ambos os dous títulos son complementarios e, na súa pequena diferenza, expresan moi ben a nosa situación: a xusta desconfianza crítica debe acompañarse dunha actitude que rescate o valioso do concepto de «santidad» e o actualice máis alá das súas vellas figuras epocais. Como sinalou coa súa usual finura Jean-Pierre Jossua (1930-2021),

o mencionado declive talvez «nos estea indicando o momento de prestar atención, o mesmo na nosa visión do pasado coma no que respecta ao presente, a esa santidad común, anónima, agochada, gris, podería dicirse, pero maravillosamente irradiante»⁶. Pensemos neses santos da porta do lado, evocados polo papa Francisco ou en 'As clases medias da santidad, sobre as que moito antes escribira o novelista francés Joseph Malègue (1876-1940). Así que, na marxe de problemáticos recoñecementos canónicos, non será o P. Reino un deses santos de traxe gris?

Como afeccionado ao xénero, dígame que non debeu ser doado escribir unha biografía coma esta. Relatar unha traxectoria tan rectilínea, demasiado plana –ao menos na aparencia– no parecería ofrecer moito xogo ao escritor. Por outro lado, partir do desexo de suscitar a fascina-

6 Na súa fermosa descrición desa «santidad discreta e esquecida de si» destaca o seu carácter adxectivo, máis que substantivo, a súa condición parcial «pois soamente pode afectar a certos aspectos de cada personalidade» (Jean-Pierre Jossua, *Cuestión de fe*, Sal Terrae, Santander, 1990, pp. 83-84).

ción por «*un hombre lleno de santidad*» –e, ao tempo, manter unha obxectividade baseada nos feitos comprobados e nas opinións de múltiples persoas– esixe gardar un raro e inestable equilibrio. Sen embargo, Xesús Andrés López Calvo, nun fermoso exercicio de *pietas*, foi quen de facelo con rigor e con

amor. Foi seguindo paso a paso a vida desta persoa –complexa, misteriosa e irrepertible coma todas– que tras as pegadas do seu Mestre pasou facendo o ben, empeñado na medida das súas posibilidades humanas en «vivir desde Deus»⁷.

Ramón Cao Martínez

7 «A santidad como vivir desde Deus» é o apartado derradeiro do artigo de A. Torres Queiruga na revista antes citada, que conclúe así: «A santidad maniféstase como a realización en camiño do soño de Deus, que non procura outra cousa que a plena realización e felicidade de todas as súas fillas e todos os seus fillos».